

Núm. 30

15-6-26

nós.

CASTELÃO



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDACCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SÓN ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non publica mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

O demo na tradición popular galega, por Vicente Risco.

Xuventude e cultura, por Augusto María Casas.

A Edade do Ferro na Galiza, por Florentino L. Cuevillas.

Quod nihil scitur, tradución por Xan Aznar Ponte.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redacción.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 15 Xunio 1926 ★ Núm. 30

O demo na tradición popular galega (1)

Os nomes do Demo



U estudo qu'está por faguer, e que tería unha gran importancia, é o dos nomes qu'o povo galego lle dá ó demo. *Demo*, *Demoro*, *Diabño*, *Diabo*, *Demachiño*, *Demoiño*, son no-

mes generecos e comuns, dos que somentes o diminutivo querendoso de *Demachiño*, indicando certa confianza co-il, ten algo de particular. Mais curiosos son os nomes propios: chámalle *Donai* que ten aire de lembranza gnóstica. Iste nome é o mesmo d'*Adonai*, que se lle dá ó Noso Señor: asina, iste nome parece responder á noción cabalística: *Daemon est Deus inversus*. Os paulicianos e maniqueos opúñan *Adonai*, o Deusbranco, a *Jahveh*, o Deus negro - algo asina ven a sinifical-o símbolo dos dous vellos da Kabelah, y-en abreviatura, o risco de Salomón - e non ten nada de particular que logo o satanismo fixera unha inversión dos termos, anque tamén pode acontecer que *Donai*, pol-a falla d'un A, veña a sel-o contrario qu'*Adonai*.

O nome de *Perete* ou *Perecho*, qu'en Asturias se lle dá a unha das metamorfoses do noso trasno, eiquí eu ouvino de cote referido ó demo

mayor. Poidera ser que fose un diminutivo de Pedro, nome simbólico do supremo Jerarca e Testa Visívele da Eireja. Dáselle ben sexa por antifrase, ben sexa coma jefe efectivo da eireja condenada e diabólica dos sábados e dos brujos, a eireja das misas negras, qu'eiquí en Galiza ten o seu *padrenuestro*, y-en Portugal o seu *credo*. Nas coñecidas obras de Martín del Río, o demo aparece coma Papa e gran Patriarca d'esta anti-eireja, e alí veñen as *Buldas* espeditas pol-o Príncipe das Tréboas, co deseño dos seus rubros e selos pendentes, pois o satanismo de cote foi unha parodia brasfema e bulreira das cousas santas, a tenor d'aquiles versos d'Amado Nervo:

El mal, que en sus recursos es profluo,
Jamás en vil parodia tuvo empachos:
Mefistófeles es un Cristo oblicuo
Que tiene reforcidos los mostichos...

Tamén lle chaman *Cachano*. N-algús sitios chaman *cachán* ó home moi dado ás mulleres. Si d'iste calificativo viñera o citado nome do demo, sería logo o que lle correspondera com'esprito da lujuria.

Tamén s'empregan eufemismos pra nomealo: *o das Zapatillas*, ouvínle chamar a uns seus devotos, *o rabudo*, etc.

O qu'a gente di do demo

Din qu'ó demo lle botan a culpa «das milienta falcatruas que nos fan e que facemos». Mais tamén din que ten un burato en cada mau, e

(1). Excerpto d'unha conferencia feita hai anos no Círculo d'Artesanos de Cruña.

por alí se lle vai todo, de getto que resulta doado enganalo. E tamén que nas que fai, sempre deixa o rabo fora, de modo e de maneira que non pode botarl'as culpas a ningún, por que logo se coñece que foi il. Pon o seu sinal nas suas obras. Moitas veces teño ouvido qu'o demo ten cara de coello, e tamén se fala nos ditos da gente do demo y-a nai, mais quen vai saber quen é a nai do demo?... (1) Tan mal pago dá os que se l'entregan, que cand'un fai mal a quen ben lle fixo, din d'il: - «Así pag'o demo a quen o sirve». Mais tamén din qu'o demo os seus quer, e que tanto lle quer o demo os fillos que lle saca os ollos... Sería outro estudo importante o das idelas do povo tocantes ó demo, sacadas dos refrás e mais das cántigas populares.

Ó que mais medo lle ten o demo é ó sinal da cruz e mais á y-auga bendita. Mais hai veces qu'anda solto, y-entón é moi difícil loitar co-il, porque ten moito poder. O home pode facer pauto co-il, vendéndoll'a y-alma, y-entón teno ó seu servizo. Tamén pode enganalo, telo ó seu servizo unha tempada, e logo rompel-o pauto. No libro de San Ciprián, cóntas'a hestoria d'un labrego francés, Víctor Siderol, que por pauto se fixo rico e casou en Allariz e logo a muller y-a sogra salvarono d'ir ó inferno, e di qu'a muller aconsellaba ás veciñas e veciños que fixeran coma fixo o seu home. Pol-o derradeiro, os demos menores méntense no corpo d'algús desgraciados, coma veremos.

As aparicións do demo

As aparicións do demo grande teñen unha particularidade: ven cáxeque sempre vestido de señorito, e fala castelán. Pol-o general, tamén os demónios que se meten no corpo das posesas, os *sucios*, solen falar castelán... No val de Lemos, ond'as brujas, sabias, endiañadas etc. cóntanse por dúcias en cada parroquia, ouvín falar d'unha sonámbula lúcida, tida medeo en opinión de pauto, que cando cai en *trance*, ou no pasamento que lle dá, fala de cole castelán... O demo mayor hastra ven algunhas veces de levita e bimba de dous pisos, com'un deputado...

(1) Pode que san María Pandilla, d'í quen e d'í toda a súa familia, fícase n'algúnhas versións do libro de San Ciprián.

Os outros demos, e aínda o demo grande ás veces, toman figura de cabalos, carneiros, cás, etc.

Dixemos qu'o demo pod'entrar a servir a unha persoa por medeo d'un pauto que se fai co-il vendéndoll'a y-alma. O pauto ten qu'ir firmado co sangue da persoa qu'o fai. Tamén dixemos qu'iste pauto pódese desfaguer, e aínda se pode faguer qu'o demo obedeza, y-enganalo dispois. En San Ciprián contan qu'unha criada que tiña qu'ir moi lorge buscar auga, berrou un día dicindo que quen lle dera tel-a fonte no eigido da casa. Entón apareceu un señor de levita e bimba de sete pisos, c'unha barba postiza, que se lle coñecían as cintas atadas por detrás das orellas, e díxolle que lle daría si lle puña a fonte no eigido, y-ela respondeu qu'unque fora unha gota de sangue. - «Es lo que conviene talmente para el pauto» - respondeu o señor. E sacou papel, e sacoulle sangue d'un brazo, e co sangue escribiu o pauto no papel. Pr'o outro día ja tiña a fonte no eigido. Mais despois, ela estaba repe-sa, porque sintía que sempre qu'iba coller auga, o sangue do brazo colaba e deitaba na y-auga, e tanto qu'os amos llo coñeceron, e preguntando e preguntando, ela confesoullo, e lles dixeron lle que tiña que desfaguel-o pauto, e pensando ela n-esto un día ond'a fonte, volveu o señor, qu'era o demo, e preguntoulle: - «Custodia - qu'ela chamábase Custodia - estás contenta?» E s'ela dicía qu'estaba contenta, entón quedaba ligada ó pauto, de getto que dixo que non, e díxolle por qué, qu'era porque lle colaba o sangue do brazo. Entón díxoll'o demo: - «Custodia, miña amiga, dame un beso!» Mais ela non llo quixo dar: e il díxolle: - «Amén ¡Amén!» Mais ela non dicía Amén, porque entón era que dicía que si, y-o demo dáball'o bico, e quedaba ligada. E ó fin, o demo, vendo que non podía darl'o bico rompeu o papel y-a moza quedou libre.

N-iste caso foi o demo quen se presentou de por si á rapaza, porque ela tiña un desexo degarado. Mais outras veces, son homes os qu'o chaman. Pr'elo empregan as evocacións qu'atopan en calquera dos grimorios satánicos que se venden en todas as librerías... Enantes o libro a que daban mais tino, era o famoso de *San Cipriano*. Agora anqu'hai edicións modernas, castelás e portuguesas, as que se queiran

unha debida a un gran ocultista galego que firma Enediel Shaiah, hai outros moitos que lle fan a competencia: cáxegue todas son edicións falsificadas de vellos grímorios, mais sempre conservan algo dos libros orixinais. Solen estar desfiguradas, non compostas de novo. Sei que se teñen vendido en Galiza, eixempres d'edicións sospeitosas de *Clavicula do Gran Rei Salomón*, do *Dragón Rojo* e da *Galiña Negra*, do *Pequeno Alberto*, e unha abreviación d'un grítorio italiano da que teño un eixemplar. En Pontevedra vin nos escaparates o *Dogma e ritual da Outa Magia* d'Elphas Levi, e mais o famoso *Enchiridión Leonis Papae*, n-unha edición castelán na qu'está co grítorio do papa Honorio III: mais non crelo qu'o povo mercara istos libros, coma non fora algún americano. Habían ser pr'os teósofos y-espiritistas.

Unha familia alí ô pé d'Ourense, chamaba de cando en cando pol-o das zapatillas. Ás doce da noite d'un sábado, iba ô monte, puñían no chao un mantel branco e nove velas acesas, e despois chamábano, e il viña e dáballes diñeiro. Un día foron ond'un señor que lle tiñan que pagar uns carcos, e pidíronlle qu'agardara á semá seguinte, a ver si viña aquíl sábado o das zapatillas...

O Pauto co demo

Istes mesmos libros indican o modo de fa-guél-o pauto. O de *San Ciprián*, traí ademais-a maneira d'outer un diabiño pequeno empolan-d'un ovo de galo negro, e cando sai, hai que metelo n-un agulleiro con azogue ou limaduras de ferro, e cando un quer unha cousa, ábres'o agulleiro, e pídeselle o que se quer, y-o demíño obedece *pol-o poder da mágica preta liberal*. Mais enantes compre facer-o pauto e firmalo co sangue do dedo pequeno. Hai mais detalles que non digo agora.

Pol-o pauto, e pol-o poder da mágica preta liberal, pódese obrigar ô demo a construír un edificio. Especialmente pontes, hai moitas fora e dentro da nosa Terra que din qu'os fixo o demo n-unha soila noite. Veleiquí un eixempro: Unha criada tiña qu'acarretar moita auga, e tiña que pasar por unhas poldras moi lon-

gas, e isto magoábano, e dixo que se tivera quen lle fixera unha ponte, faríalle escritura do mais subríme que tivera, por eixempro a y-alma. Presentouse un gran Cabaleiro dicíndolle que si lle facía o documento da y-alma, que lle facía a ponte. Ela firmou o trato, mais logo arrepiñíuse e foise confesar: contoullo ô confesor, e iste rifoulle moito e díxolle que non tiña esperanza de se salvar, que bendicindo unha laranja, e irse poñer á beira do río, e qu'escoitase ô demo cand'estivese facendo a ponte, o cal ía dicíndo: - «Qué gallo canta? - El blanco. - Pues ande el canto. - Qué gallo canta? - El pinto. - Ande el pico. - Qué gallo canta? - El negro. Pico quedo. » Co-isto ficaba rematada a ponte: mais ô querer dicir: «el gallo negro» mandoulle tiral-a laranja ô outro lado do río, ficando co-esto impedido o demo de poder seguíl-o seu traballo, e pol-o tanto desfeito o trato. Fixo a rapaza coma lle dixeron, y-a ponte ficou sen rematar y-o tanto desfeito... De geito que pra se librar de cumpril-o pauto, compre enganar ô demo de maneira qu'il non poida cumpril-o que prometeu, senón queda un ligado co-esa lóxica esautá e rígida do outro mundo, lóxica automática e fatal, pois as leis obran por si mesmas sen qu'os espíritos poidan ren contra elas, e o qu'eiquí é potestativo e libre, alí é matemático. En troques, hai no outro mundo a reversibilidade dos procesos que non hai n-iste, próbao outra tradición galega: o desencantamento que se fai lendo ô rivés a fórmula que s'empregou pr'encantar.

Tocantes ô diabiño construtor y-arquiteuto, non sei si con pauto ou sin il, ten sido empregado pol-os mesmos frades: hai eirejas que din qu'as fixo o demo n-unha soila noite, y-o mosteiro de Samos, din os de Sárria qu'ajudou o demo a construílo, pol-os frades, por medeo do libro de San Ciprián, obrigábanos a carretal-a pedra pol-a noite.

Naturalmente, as brujas teñen pauto co demo, e co-a sua ajuda fan as cousas que fan. Do culto satánico, dos dilirios do sábado, do incubato e subcubato, que se poden estudar no traballo de Bernardo Barreiro, poderíamos atopar casos na actualidade. Mais isto todo pertence ja a outro capítulo do qu'eiquí non imos tratar: ise é o confido da magia negra, ja non é mitología popular.

O endiañamento, ou ramo cativo

Os diaños métese no corpo das persoas, operando n'elas o que se chama a *posesión diabólica*. Os maus espíritos causan ós poseídos un mal chamado *ramo cativo*, mal do que os síntomas son os mesmos da histero-epilepsia: o doente cando lle dá o mal, retórcese, revolv'os ollos, engarabill'os dedos, boia escuma pol-a boca, pega berros furiosos, e ceiba tremendas brasmefias e verbas e frases porcas y-escándalosas. Son os espíritos os que falan e pol-as porcadas que din chamanlle os *sucios*. Os médecos achacan esto ó histerismo ou a sugestión, únecha espricación qu'o ramo cativo ten dentro da sua cencia...

N'unha das páxinas do seu soberbio album NÓS, puxo Castelao, na penumbra d'unha eireja, unha muller sostendo a un endiañado, e debaixo escribiu certas verbas de Helena Petrowna Blavatsky en *sís Unvoiled* que non deixan á cencia oficial moi ben parada.

Pra botar os demos do corpo, emprégans'os exorcismos da eireja, mais ademais hai certos santuarios que teñen sona de curar ós posesos: son catro principás: o de Nosa Señora do Corpiño, o de Santa Eufemia en Arteijo, o de San Pedro Mártir, do convento de Belvis, en Santiago, e mail-o Santo Cristo d'Ourense. Outros moitos santuarios hai onde sacan os diaños do corpo, mais istos son os de mais sona. Eu vin moitas veces no Santo Cristo d'Ourense as endiañadas que iñan que meter á forza na eireja, e logo dentro berraban e brasmefaban, retorcéndose nos brazos dos qu'as levaban. Nos instantes mais solenes da misa era cando mais elas se desesperaban, e despois moitas saían curadas. Da romería d'Arteijo fala o sonado humorista *Picadillo* en *Pote aldeano*. Alí fala de posesas que botan os diaños pol-a boca, unha d'elas en forma d'un mollo de pelos, e d'un vello que moitos anos foi á romería e a forza de gúmilos, conseguiu botar dazasete nemigos, mais aínda lle quedaba un dentro que é frade e ademais mudo, e coma non fala, non sabe com'atacalo... Custa traballo vel-o qu'eiquí hai de credulidade supersticiosa da gente, ou o qu'haxa d'invención humorística do escritor... No dito libro, o qu'autua d'exorcista n-Arteijo é o san-

cristán, que lle dá cousas a beber ós posesos pra que boten os diaños.

Aínda teño que sinalar eiquí unha confusión qu'eiquí hai nas idelas da gente: o *meigallo* qu'unha bruxa lle boia a un, métese no corpo e pódese botar fora pol-os mesmos procedementos qu'os sucios, e sai pol-a boca en figura d'*ourizo cachelro*. O que ten o meigallo, atópase doente, e non pode entrar na eireja, e non atende ó rosario, e pr'entrar na eireja, teñen que levalo d'arrastro, e non quer mirar pr'o altar. Pra curalo, lévano a Nosa Señora do Corpiño, e tócanll'unha reliquia qu'elí hai, e bótao. Ouvín isto a un de Chantada, mais confirmoumo outro informador da parte de Verín, d'Ombra. Cecais eiquí a mente popular persollicou a forza o *hiké* dos egipcios, o *brahma* dos indios, o *azoth* dos alquimistas, o Gran Agente que chaman a Luz Astral, dándolle caracteres de ser vivente, ou cecais trátase do qu'os teósofos blavatskianos chaman un *elemental artificial*... Na cencia que aínda chaman moderna, todos istos fenómenos achácanse á sugestión e mais á histeria: mais na cencia antiga e cecais eterna, todos istos fenómenos qu'os nosos peisanos coñecen y-ouservan, teñen a sua espricación qu'eu agora téñome que limitar a indicar somentes... Aínda poldéramos se cadra concillar as dúas hipóteses: sin negarmol-o endiañamento, qu'eu non podo negar, mais supondo qu'a maior parte dos posesos que van ás romerías sexan histericos, podemos pensar qu'a sua maginación hipereseltada pode dar nacemento a verdadeiras *entidás artificiais*, verdadeiros *seres elementais*, que teñan eisistencia non somentes pro qu'os criou, senon pra demais gente... Non sei s'os que non estean versados nos estudos ocultistas enxergarán o meu pensamento...

Outros contos do demo

Outras moitas cousas se contan do demo, pra pintal-os seus engaños, a sua soberbia, o mal pago que dá ós que fian n-il, etc., etc. Direi algúns pra darvos unha idea.

No río de Castro Caldelas hai unha fondura que chaman *puzo do inferno*. Contan que cand'a Virxe Nosa Señora andaba pol-o mundo, qu'iba unha vez pol-as fragas, por debaixo

do Castro, na sua pollina e chegou o demo montado n-un xurdio cabalo negro, e desafiouna, a ver quen dos dous era capás de choutar o outro lado, o monte de frente. Brincaron os dous; a Virge pasou, e deixou do outro lado, n-unha peneda no camiño que vai pra Alais, os sinais das ferraduras da pollina. Mais o demo pillou un gran pulo, saltou, e no ar deu unha viravolta, e cæu no fondo do río que cola pol-a encañada, e foi dar o inferno, deixando no fondo do río un gran burato o que chamaron puzo do inferno.

En San Cristóbal de Lózara, estando un home no campo, apareceu-lle o demo moi alto e todo vestido de ferro, con polainas e zapatos de ferro, e desafiouno. Pelexaron, y-o demo díxolle que fose o día seguinte qu'o había obrigar a choutar un burato de dous pés d'ancha, e si o saltaba, vencía; mais senón, vencía o demo. O home foi e falou co abade, que lle dixo que si se dispunha a choutar o burato ancharía, e cairía n-il, que lle daba un remedeo: que levase unha pila negra debaixo da capa, e o querer choutar, que botase a pila no burato. Así o fixo, e cando botou a pila no burato, o burato pechouse, y-o demo reventou com'un tiro.

Hai outros contos nos qu'o demo gana a

y-alm a jogando ás cartas: hainos nos que fai apostas e gana, e leva o inferno os qu'apostaron: hainos nos que merca os nenos pequenos ós seus pais, ou ven disfrazado a s'oferecer pra serlles padriño, ou s'encarga da educación de un rapaz: hainos nos que peleja cos homes, aconsella ás mulleres, y-adepréndelles diferentes artimañas, ou ajuda a algún a saír d'un apuro. De moitas cousas ingeniosas e de moitas invencións modernas, sole dicir a gente, de veras ou de risas, que son cousa do demo.

É general o costume d'arrenegalo, e tamén a de jurar por il o rivés ou o direito, dicindo: «qu'o demo me leve, si non é certo», por exemplo, ou «mal demos me leven ou te leve», iste segundo xeito com'a clas de maldición.

Sería tamén curioso recoller todol-os refrás, frases feitas, modismos e outros ditos que se refiren o demo, así com'as cántigas, as adiviñanzas, etc. N-elas podíamos atopar todal-as idelas qu'o povo galego se fai tocantes a iste asunto. Eiquí, outra parte do folk-lore, a que chamamos *Literatura Popular*, tan rica e fermosa na nosa Terra, viría a se convirtilir en cencela auxiliar da qu'eiquí estamos espondendo n-un dos seus mais intresantes capítulos.

VICENTE RISCO.





XUVENTUDE E CULTURA

I



Xa dixo Bergson qu'o filósofo era, ante tudo, o home que sempre está disposto a ser estudante. Eis o vello concepto do amante da sabiduría. Mais o sabio do Collège de France falou n-outro senso. O autor de *Matière et*

Memoire referíuse ó caraliter de xuventude qu'ha dare personalidade ó intelectual, pois a mocidade n-un forte labor estará en condicións d'adequirir a ciencia que só como estudante o filósofo pode lere.

Imos a falar un pouco da xuventude. Non é mestor que ollemos a Grecia pra estudar a verdadeira cultura n-unha irta personalidade moza. Sócrates era un vello; e sua ciencia era nova... n-a sua escola era un mozo. É só así comprenderse como unha filosofía, no senso de doutrina, qu'está en oposición cas vellas, cas do Estado, chega sempre a faguerse dona da intelectualidade d'un pobo.

Eiquí temos a primeira e mais notábele nota da sabencia: a democracia. A xuventude ten de sere por natureza democrática, si d-outro xeito fora, non faría cultura nin sería mocidade. Reparemos n-isto. A xuventude é a concencia d'unha nazón; a xuventude é o seu alento; é a cultura do seu porvir. Xuventude de castas meresce outro nome. A mocidade

culta, a verdadeira xuventude é democrática; e ten, como segunda nota, unha virtude de amigar a os outros grupos sociais. A vellez sempre foi aristocrática.

Añadando un pouco n-istz conceito de xuventude, chegaremos a mais serias e positivas afirmaciós. A fin de contas, xuventude é a vida d'un pobo. Só nos corazóns mozos hai lexos de fraternidade. Tudos sabemos o que na política internacional fixo o goberno dos homes vellos; a mais de sere un fracaso, foi algo d'unha caducidade estéril, i-é mais: os mozos son o presentz, e son o pasado i-o porvir...; es vellos son samente o pasado ca sua colección de principios mortos.

Queremos faguer cultura? Fágamos xuventude. Espertemos na mocidade a arela fraterna da xuventude, e teremos, no rexurdimento da nosa cultura, a concencia xurdia e forte do noso pobo.

II

Pío Baroja nas suas *Divagaciós* en col da cultura, ó faguer hestoria da verba, trae a conto a afirmación de Rodolfo Eucken: qu'a verba cultura non se tomou até Bacon n-un senso ben determinado. Dende Bacon falouse da cultura do espírito, cultura estética, cultura dos costumes.

No noso tempo - obra dos sabios germánicos - destacouse a idea da cultura com'un valor máximo. Ven a ter unha conceición natural e intelectual, seguindo as tradicións da filosofía grega.

E hoxe - di o pensador vasco - temos duas verbas cuasi que sinónimas: *Civilización* e *cultura*: «A verba *civilización* é a verba d'un francés; a verba *cultura* é a verba d'un alemán».

Esautamente, cultura refírese á ciencia no seu contido intelectual; a civilización é esa mesma cultura, desenvolta na vida social.

Baroja ponnos tudo en craro: «É o cultivo ou fomento de certas funcións do home consideradas de máisimo valor».

Guillermo Ostwald - citado pol-o mesmo Baroja - mira a cultura com'unha aspiración ó millor aproveitamento da enerxía humana. A verdadeira cultura pra Ostwald está na utilización de todas as enerxías da terra, pra qu'a perda de forza se reduza ó mínimu.

Siguindo ó autore que vimos citando, nos temos da cultura un conceito natural; ven a sere unha gimnasia intelectual; é o labor das nosas facultades, aplicando á vida da materia a concepción espiritualista da ciencia e da Arte. Cultura non é outra cousa que xuventude.

Fálanos no Fedón de Platón, Sócrates d'ista sorte: «Toda a vida non deixei de ter o mesmo e constante soño: Sócrates, exercitate nas belas-artes». Non outra cousa é a xuventude. Sócrates, respondeu á voz do seu soño, entoando un hino a Apolo.

No mesmo diálogo dízenos que *só os filósofos son verdadeiramente corajosos, moderados e justos, porque posúen mais a sabiduría...* (1) é dicir, pra Sócrates, os filósofos, os sabios, son sempre mozos.

Compre, pois, faguer xuventude. No párrafo seguinte, falaremos da causa da decadencia dos pobos. A decadencia d'unha cultura, d'unha civilización - as dúas verbas distintas empréganse sinonimamente - non é outra cousa qu'ausencia de mocidade.

III

D. Miguel d'Unamuno - forte vasco, que dixo Machado - queixase da falta de xuventude. No seu coñecido ensaio *Sobre el marasmo actual de España*, berra com'un deus coraxoso: «Habrán jóvenes, pero juventud falta».

O agudo ensayista alinou unha vez mais. Compre reconcel-o. O caso da Hespaña, apliquemol-o a todas aquelas nazós qu'hoxe durmen. Á nosa Galiza non lle di ben; porqu'o noso é distinto, precisamente en nós hai moci-

dade xa qu'hai rexurdimento. Mais nas mesmas nazós que representan o mais oulo espouso da cultura europea vense a notar iso.

Certo que na Alemaña, por exemplo, a xuventude non durme, descansa dempois da lota nietzschiana pol-a super-cultura. Adequirluna? Non; mais esa xuventude non deixara un momento de intentál-o.

D. Miguel olla pra Hespaña. O espectáculo non pode sere mais triste. Na Hespaña castelán *xa non queda nada*. «La vida de nuestro pueblo es vida de guerrero en cuartel o la de D. Quijote retrado con el ama y la sobrina y con la vieja biblioteca tapada por encantamiento del sabio Frestón». ¡Non hai xuventude! Un guerreiro no campo de batalla, calquera que sexa a súa idade, é un mozo: un guerreiro fechado no cuartel, aínda que sexa un neno, é un vello. D. Quixote, a i-alma ibera, na súa casa, n-un leito mol, na compañía de dúas mulleriñas familiares, non é D. Quixote, é moito menos que Sancho Panza!

Di Unamuno n'outro sitio (1) qu'a *cultura de fora* faise dona da intelectualidade hespañola; mais o vello profesor de Salamanca, lonxe de berrar contra esa *europización*, pégalles aos que queren enquistar a Hespaña na súa cultura vella. E non deixa de decire unha verdade, moi moura mais moi grande, cando di qu'él tolera falar hoxe da ciencia hespañola: «Olvidamos que la *ciencia es algo vivo*, en vías de formación sempre, con su fondo formado y eterno y su *proceso de cambio*».

Algunhas consideracións me suxiren istas verbas ó pensar na renascenza da Galiza. Eu creio que non é cultura sementes o enxebrismo, o casticismo, non; a cultura verdadeira é filla d'un proceso de cambio con todas as culturas extranxeiras. Falaráse un tempo da cultura galega, se ista nosa cultura *merca e vende* nos mercados intelectuais. Abandonarnos ó enxebrismo é decretar a nosa morte. Debemos ollar á *tradición eterna galega, qu'ó ser eterna é mais ben humano que galega*.

O gran don Miguel recomenda iso á mocidade hespañola... «es la que hemos de buscar los españoles en el presente vivo y no en el pasado muerto».

(1) Edición da Renascenza Portuguesa. Traducido directamente do grego por Angelo Ribeiro, con un prefacio de Leonardo Coimbra.

(1) En torno al casticismo (cinco ensayos) Edición de la Residencia de Estudiantes - Madrid.

Hai que lutar contra ises tradicionalistas que non ven outra tradición qu'a do pasado. A tradición do pasado non é mester desenterrala: «Hay que buscar la tradición eterna en el presente». Isa tradición eterna que nos dea a personalidade é *cosmopolita*. O costumbrismo é algo moi cativo. Pr'os primeiros tempos do galeguismo non estaba mal; mais hoxe, qu'a Galiza non busca outra cousa que faguer a sua *tradición eterna*, non s'ha contentar con viver do pasado. O pasado ven até nós pra

darnos o que nós lles hemos dare ós nosos fillos: o presente non é outra cousa qu'o pasado universalizado: «Solo lo humano es eternamente castizo».

Hoxe qu'a nosa terra *reanuda a sua tradición interrumpida*, compre faguer exame dos nosos valores pra fundire a nosa casta histórica na casta eterna da humanidade.

AUGUSTO M.^o CASAS

A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

XV

AS FÍBULAS, AS FEBILLAS E OS ALFINETES

Fíbulas ou alfinetes de seguranza. - É imposible falar das nosas fíbulas da Edade do Ferro, sin referirse en primeiro lugar ó magnífico traballo que José Fortes lles dedicou na revista *Portugalia* (1). Iste sabio arqueólogo analizou ó miúdo cada unha das partes qu'as compoñen, estudounas nas suas variantes e derradeiramente, ceriou a juntalas en tipos de firme caracterización. Con craro senso da realidade, viu deseguida o parentesco qu'as unía co-as fíbulas marneanas, mais detívose en tal lugar e non quixo buscar a orixe común d'unhas e d'outras nas formas do II período hallstático. As ideas trabucadas qu'acerca da data da entrada dos Celtas na Península imperaban fai algúns anos, a falla d'unha sistematización da nosa protohistoria y-aínda os micenismos de Sarmiento, deberan ser causa de qu'o sabio portugués non rematara o seu labor tirando dos feitos tan brillantemente esamiñados, as consecuencias d'orde etnológico que d'lles craramente se desprendían.

(1) T., II, fcs., II.

Divide Fortes as fíbulas do NW da Península en sete tipos: I. *de Sabroso*; caracterizado pol-a continuidade dos seus elementos, feitos nunha soila peza metálica, que se convirte sucesivamente en arco, muelle bilateral, alfinete, pé y-apéndice ergueito. II. *anular* co arco abóvedado posto en col d'un anel. III. *de la Tene III*, de feitura semellante ós autuás alfinetes de seguranza. IV. *de Santa Lucía*, cuio-apéndice remata n-un botón plano, e presenta separado o muelle da cabeza. V. *trasmontanas*, imitantes ás anteriores na separación das distintas partes da cabeza e co muelle atravesado por un ferríño rematado nos cabos por botóns, que sirven pra sostelo. N-algús eixempres nótase marcada influencia de la Tene, na incisión do apéndice e na riqueza decorativa. VI. *de longo trabessão sem espira*, caracterizado pol-a substitución do muelle por un haste macizo ou oco, levando n-iste caso no seu interior un ferríño ou un gulzo. VII. *de charneira curta*, semellante ó anterior, mais co haste mais reducido y-o apéndice mais pequeno e rematado por un botón.

Compre separar dende logo d'esta clasificación o tipo III. estrano por compreo á nosa cultura, e importado eiqui seguramente pol-os romanos antr'os que perdurou moito tempo



Fig. 78
(Pedralha)



Fig. 53.



Fig. 52



Fig. 53 (Sabroso)



Fig. 61
(Sta. Tecla)



Fig. 55
(Briteiros)



Fig. 56
(Monte-Rebendo)



Fig. 54 (Sabroso)



Fig. 62 (Castro de Picote)



Fig. 57 (Monte-Rebendo)



Fig. 58
(Sabroso)



Fig. 59
(Sta. Tecla)



Fig. 60
(Sta. Tecla)



Fig. 63 (Castro de Sta. Judenya)




Fig. 64
(Argozella)



Fig. 65
(Fragado Seixo)



Fig. 66
(Sta. Judenya)




Fig. 77
(Briteiros)



Fig. 67
(Castro de Cacolha)



Fig. 68
(Castro de Cacolha)



Fig. 69
(Sabroso)



Fig. 70
(Guifões)



Fig. 71
(Galiza)



Fig. 72 (Guifões)



Fig. 73
(Briteiros)



Fig. 74 (Villar de Moures)




Fig. 75
(Briteiros)



Fig. 76
(Briteiros)

esta forma do III período de la Tene, e compre en troques engadirle a pequena fíbula do Castro de Masma, (1) derivada do tipo hallstático de timbal, e que Fortes non incruía no seu estudo, sen dúbida por descoñecela.

O tipo número II pertence a unha clás de fíbulas estendídisima na Península e das que Bosch (2) di o seguinte: «El tipo de filiación máis difícil, en cuanto a las fíbulas, es el de la fíbula anular, con el arco abultado, que se llama generalmente ibérico, por abundar en el territorio de la cultura ibérica, pero que también existe en abundancia en la civilización posthallstática. Dechelette, a pesar de que en su manual dice que no se la ha encontrado fuera de la Península, en un trabajo anterior, citaba un tipo parecido, procedente de Francia, de un sepulcro de la Tene, en Trugni (Aisne) con anillo también, aunque sin el arco abultado combinado con aquel.»

Os restantes tipos son nados todos eles de formas hallstáticas. Bosch, (3) e tamen Dechelette, (4) fixándose no botón plano que remata algúns eixempres d'estas fíbulas, fannas derivar do tipo itálico de la Certosa (fig. 51) pero nós, aínda gardando a distancia que nos separa de tan outas figuras, disetimos do seu parecer, e vemol-o orixe dos nosos alfinetes de seguranza no tipo chamado de ballestas (fig. 52) qu'a máis de presentar ben veces o apéndice erguido car'arriba, ten ademais o muelle de dobre espira. Y-a tendencia á forma semicircular do arco, que se non ouserva nas formas de la Certosa e qu'aparece case constantemente nos eixempres recollidos nos nosos xacementos.

Respeito á cronoloxía dos distintos tipos, algo arriscou Fortes y-algo tamen podemos arriscar nós. O tipo máis antigo, é seguramente o de Sabroso, estreitamente emparentado, sobre todo pol-a continuidade do dispositivo, co-as fíbulas de la Tene I, y-é que por tal razón, debemos considerar coma de derivación máis directa do prototipo hallstático. As formas de Traz-os-Montes e de Santa Lucía acentúan a evolución indíxena, que se manifesta na

separación da cabeza do muelle e do alfinete, e tamen na aparición dos eixes qu'atravesan a dobre espira, anque non en todos, n-algúns eixempres trasmontanos, ousérvase unha grande incrición do apéndice, que chega incluso a local-o arco, e tamen certa riqueza na decoración, que poden ser atribuídos ó influxo de la Tene, que se deixa sentir con bastante intensidade nas necrópolis castelás do II período posthallstático de Bosch (fis do século -IV á primeira metade do -III) e que sen dúbida chegou ás terras portuguesas pol-o val do Douro, ond'aparece tamen no Castro de Sacoyas, (1) unha fíbula ibérica das chamadas *de cabalo*, infruindo máis intensamente nas comarcas qu'hoxe limitan con Zamora que na provincia do Minho onde o apéndice das fíbulas conserva sempre a súa verticalidade quitando n-un eixempres de Sabroso en qu'está ligeiramente incrinado. Debemos pol-o tanto retrasal-a data do século I, que fundado en pretendidas influencias romanas asina Fortes ás fíbulas de Traz-os-Montes e polas co-as suas análogas de Castela, antr'os fis do século -IV á primeira metade do -III. O tipo número VII, proporcionanos outro dato cronolóxico seguro, co-a súa aparición na necrópolis luso-romana de Fonte Vella, e na estación romana de Pedrulha, achádegos que colocan as fíbulas d'esta clás no final do ciclo evolutivo que perdura aínda dempois da conquista. Antr'o tipo trasmontano y-o de carneira curia, temos que por o de longa travessão sem espira que ben amosra na súa feitura ser unha fase de transición antr'os dous, y-ó que podemos asinal-a data do século -II.

Visto todo elo, pódese intentar a clasificación das nosas fíbulas d'iste xeito:

A) Fíbulas derivadas da de ballesta.

I. Tipo de Sabroso (fig. 53 a 60) séculos -V a fis do -IV.

II. Tipo de Santa Lucía (fig. 61) séculos -III a -II.

III. Tipo de Traz-os-Montes (fig. 62 a 68) séculos -III a -II.

IV. Tipo de longa travessão sem espira (fig. 69 a 74) séculos -II a -I.

(1) Vex., Villasmil, *Productos de la Metalurgia Gallega*, loc. cit.

(2) Los Celtas, pág. 98.

(3) Loc. cit.

(4) Manuel, I. II.

(1) Francisco Manoel Alves, *O Castro de Secoas, O Arqueólogo Português*, vol. XII, pág. 237 e segs.



Fig. 79
(Galiza)



Fig. 80



Fig. 81.
(Castro de Masma)



Fig. 82
(Sta Tecla)



Fig. 83
(Sta Tecla)



Fig. 84
(Briteiros)



Fig. 85
(Sabroso)



Fig. 86
(Pedralhal)



Fig. 86 bis
(S. Ciprián das Láas)



Fig. 87
(S. Ciprián das Láas)



Fig. 88
(S. Ciprián das Láas)



Fig. 89
(Briteiros)



Fig. 90
(Staluzia)



Fig. 91
(Sabroso)



Fig. 92.
(Riotorto)



Fig. 93
(Castro de Picote)



Fig. 94
(Hallstatt)



Fig. 95
(La Tène)



Fig. 96
(Lhibannes)

V. Tipo de charneira curta con botón terminal (fig. 75 a 78) séculos I a III.

B) Fíbulas anulares de tipo italo-ibérico, saídas según Fortes das febillas d'aro enteirizo e pra Bosch da combinación d'esta mesma febillas co-as fíbulas peninsulares d'arco abultado que lembran as itálicas de *navicella* (Fortes asinalles coma data do século -III ó -II, fig. 79).

C) Fíbulas derivadas do tipo hallstático de timbal (fig. 80). Conécese soilo un eixemprar de Castro de Masma, que parece já evolucionado, pois o muelle, aínda de dobre espira, vai suxeito a dous aneis presos no borde do timbal (fig. 81).

Fíbulas forasteiras á nosa cultura, só podemos sinalar a de la Tene III atopada en Galiza y-a de cabalo do Castro de Sacoya.

O material empregado na fabricación de tales oujeitos, é case sempre o bronce, menos amiúdo o ferro e raramente a prata.

As febillas. - Fortes, (1) seguindo a Reinach y-a V. Gross, separa por completo as fíbulas das febillas. Servían aquelas pra prendel-o según no peito ou no hombreiro e pra suxeitar os mantos y-as túnicas das mulleres. Utilizábanse estas ó parecer, pra amarrar-as correias dos escudos, pra cingul-los cintos, e tamén pra ligar entre si os arneses dos cabalos. A fíbula ten de cote un muelle qu'apreta o alfinete pr'aloxalo n-unha escavación do pé; a febillas carece d'istes dous elementos e componse sinxelamente d'un aro no qu'o alfinete se prende por un anel.

A causa d'esta variedade d'aplicacións, debían sel-as febillas oujeitos d'uso moi frecuente e por elo sen dúbida aparecen hoxe moi vastas nas nosas estacións. Asísegún Fortes, atopáronse doce en Sabroso e vinteduas en Briteiros, sinalándos'asimesmo a súa presenza en Monterredondo e Santa Jusenda. En Galiza, a máis dos eixemprares existentes en Museus e coleccións particulares cuia procedencia se descoñece, atopáronse en Riotorto, Santa Tecla e San Ciprián das Láas. Anque pol-a súa felleira a febillas non é doada pra grandes variacións, os metalúrgicos galegos, partindo da d'aro enteirizo, que debemos considerar com'o seu prototipo,

pol-a súa aparición en sepulturas de la Tene I, e na propia estación de la Tene, conseguiron darlle formas diferentes que se poden distinguir d'iste xeito.

A) Febillas d'aro enteirizo (fig. 82).

B) Febillas d'aro partido (fig. 83).

C) Febillas d'aro partido cos cabos decorados por liñas circulares (fig. 84).

D) Febillas d'aro partido e cos cabos voltos pra fora en espiral (fig. 85).

E) Febillas d'aro e cos cabos voltos pra fora rematados por un botón bicónico (fig. 86) ou piriforme y-ornamentado con círculos en releve (fig. 87).

F) Febillas d'aro partido e cos extremos resoltos car'el (fig. 86 bis).

A semellanza das fíbulas, as febillas construíanse case sempre en bronce.

Os alfinetes. - A longura e grosor d'istes oujeitos, fai supor que servían millor que pra prendel-a roupa, pr'adornar e suxeitar-o peinado das mulleres.

Pol-a forma das súas cabezas y-o xeito máis ou menos planado do resto, podemos dividil-os eixemprares coñecidos en :

A) Alfinete de cabeza alongada que presenta no extremo superior un oco que debeu conter en tempos unha pérola de vidro ou esmalte (fig. 88).

B) Alfinete co-a cabeza ó xeito de botón plano (figs. 89 a 91).

C) Alfinete aplanado co-a cabeza folicular (figs. 92 e 93).

Os dous primeiros tipos poden relacionarse c'outros atopados nas estacións de Hallstatt e la Tene (figs. 94 e 95). O terceiro, senon houbera aparecido na compañía da fíbula de cabalo do Castro de Sacoya, y-en Riotorto (1) juntamente c'un torques y-unha febillas, teríamos que consideralo coma da Edade do Bronce, pol-a súa semellanza con certos alfinetes da dita época procedentes de Moravia e por non ter punto de comparación con cousa ningunha dos tempos do Ferro. Debemos vern'il unha curiosa perduración d'un tipo que s'inicia já no eneolítico e do qu'apareceu un eixemprar na estación do cobre de Castro Chibannes (Setubal) (fig. 96), (2).

(1) Villan II, Op. cit.

(2) A. I. Marqués da Costa, Estações rehísticas dos arredores de Setubal, O Archeólogo Português vol., XIII.

(1) Fíbulas e febillas, O Archeólogo Português, vol., IX, págs. 1 e segs.

AS JOIAS

Debo facer costar pimeiramente e pr'espricar posiveles fallas de material qu'iste capítulo está escrito a base dos datos recollidos nos libros de Barros Sibel, (1) Murguía, (2) Saralegui (3) e Cartailhac, (4) nas monografías de torques de Murguía, (5) Oviedo y-Arce (6) e Maciñeira (7) e Villaamil (8) no catálogo de Santiago de la Iglesia (9) e n-unha pequena nota acompañada de fotografía, que respeito a

Os eixempres a que se refiren as anteriores noticias, pasan de cincoenta, e son na sua maoria torques ou anacos de torques, segundolle en número os brazaletes de distintas formas, y-estando en minoría as chamadas diademas, as arrecadas y-as doas enfiadas, procedendo a case totalidade d'iste material, d'achádegos soltos e casuás, circunstancia que dificulta moito a determinación da sua cronología. Porqu'angu'a maor parte da nosa ourivesaria pertence á Edade do Ferro, hai n-ela elementos procedentes de tempos ben anteriores que compre arredar inteiramente dos ou-



Fig. 98




Fig. 97





Fig. 99




Fig. 100

un tesouro atopado na Gudiña, publicou o *Boletín de la Comisión de Monumentos* (10) d'Ourense, ignorando si no día de hoxe, hai recollidos nas coleccións novos ouxetos, e si en col d'eles se publicou ou non cousa ningunha.

Dende logo a lámina d'ouro atopada por Santiago de la Iglesia n-unha mámoa das Pontes de García Rodríguez, debe ser considerada como eneolítico ou dos comezos da Edade do Bronce, justificando esta asinación as puntas de frecha e lanza co-ela recollidas, e podéndose relacionar tal achádego com'atadamente o fai Maciñeira, co da diadema da Quinta da Agua Branca (Portugal) clasificada no periodo do cobre. (1).

Outros ouxetos que nada teñen que ver tam-

(1) Antigüedades de Galicia.
(2) Historia de Galicia, II edición, t. I.
(3) Estudios sobre la época celtica en Galicia.
(4) Les Ages préhistoriques de l'Espagne et de Portugal.
(5) El torque de Castroña, B. de la Academia Gallega, 1912.
(6) Dos nuevos torques de oro. B. de la Academia Gallega 1918.
(7) Un nuevo torque gallego de oro. B. de la Academia Gallega, 1923.
(8) Productos de la Metalurgia Gallega, Loc. cit.
(9) Prehistoria Gallega, Notas para un catálogo, Ferrol 1907.
(10) Año de 1922.

(1) Portugal, t. II.

pouco co-a cultura dos Castros, son osalcontrados no monte dos Mouros (Mellid) que Villaamil describe e reproduce. Son laes oujeitos duas chamadas diademas (fig. 97) feitas n-unha folla d'ouro abertas e cortadas na parte meia en tiras hourizontáes, e provista unha d'elas de catro buratos, que foron atopadas juntamente con dous brazaletes, liso aberto e con catro buratos pra pechalo, un, y-otro cilíndrico, pechado e con gallós, ofrecendo coma di Villaamil, o aspelto d'un servilleteiro (fig. 98).

Tanto os brazaletes com'as diademas, mais sobre todo estas derradeiras, relaciónanse de maneira indubidávele con joias francesas, portuguesas y-escandinavas que teñen ó parecer seu precedente n-un colar neolítico de coiro cortado tamen en tiras na parte central, joias ás que Dechelette (1) adica as bervas seguintes: «C'est un large ruban de métal du genre appelé en orfèvrerie collier de chien et dont la partie centrale est divisé par d'incisions horizontales.... Il est intéressant de rapprocher ces bi-

jous des colliers en or trouvés l'un en Portugal les autres en Scandinavie... Les exemplaires français et portugais sont à peu près de la même époque (âge du bronze I)». Reproducimos na fig. 99 un d'istes eixemplares franceses alcontrado n-un túmulo con galería coberta do Morbihan (Bretaña) e cuja identidade co-as diademas de Mellid é tan ausoluta, que non precisa de ningunha espricación, chegando pr'apreciala por en comparanza ambas figuras.

Respetto dos brazaletes a mais de qu'o gallonado d'un d'eles aparece n-un colar escandinavo do Bronce (I) II (fig. 100) a sua atribución á mesma época das diademas, queda probada por teren aparecido juntos todos isles oujeitos que debemos considerar en consecuencia contemporáneos ó periodo final das construcións dolménicas galegas e demostrativos das analogías culturais já ouservadas antr'a nosa terra y-os países bretón e irlandés d'etnografía prehistórica moi semellante.

Continuaráse

(1) Manuel, t., II, pág., 388.

(1) Dechelette, Op. cit., pág., 387.

QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

Que nada se pode saber perfectamente *humano modo*, vese craro por aquilo de que o Peripatético cos demais da escola, esfórzanse por demostrar con innumerabres razóns, qu'o mundo é eterno, que non tivo principio nin ha ter fin: d'esto están convencidos os filósofos. Por esto Plinio o romano escomenzou a sua Historia natural por esta cuestión. E por certo ti xusgerías o mesmo, se te guíaras mais ben pol-a razón humana. Pois viñeches ó mundo cando xa estaba feito, e igoal os teus pais e abós; han desaparecer istes e has desaparecer ti tamén, e ves coma nascer uns e morren, e o mundo queda.

Non hai ningún qu'asegure de palabra ou

por escrito, ter visto o principio do mundo, ou ter visto a outro qu'o vira, ou que teña ouvido a outro que diga qu'o viu, e coma di o sabio «pasa unha xeneración e ven outra, mais a terra sempre subsiste. Nasce o sol e ponse, e torna ó seu lugar, e renacendo alí dá a volta pol-o meio día e revólvese car'o Aquilón. Andando arredor e cerco por todas partes o esprito val e volve ós seus rodeos. Todol-os ríos entran no mar e o mar non rebosa; ó lugar donde saen tornan os ríos, pra correr de novo. Todal-as cousas son difíciles, nonas pode o home expricar con verbas» (1).

(1) *Eccelesiástes*, I.

Ouvichel-a opinión dos filósofos; asegún a fé o contrario é absolutamente certo, o mundo foi criado e ha ter fin, ó menos asegún as calidás qu'agora ten. Pois non será o aniquilamento conforme co'aquelo do Profeta Rei: «*Et sicut opertorium mutabis cos, et mutabuntur, etc.*» Estas cousas sábense pol-a revelación diviña, non polo humán discurso, Pois por este modo non se pode facer. D'eiquí que Moisés o diviño lexislador, ispirado pol-o Espírito diviño, emprincipia a súa diviña historia pol-a creación do mundo, contrariamente a coma fixo Plinio. Por iso ten algunha escusa a opinión dos filósofos, mais ningunha a pertiñencia en non querer e a columbia en contra da fé; mais volvamos ó conto.

Ainda hai outra causa da nosa iñorancia, a sustancia tan grande d'algunhas cousas, que de ningún xeito pode ser percibida por nós; como o que é o infinito dos filósofos, si é que é algo; o noso Dios, do que non hai medida nin lindeiro ningún, e que non pode ser comprendido pol-a mente. Non sin razón, pois debe haber certa proporción do que comprende co comprendido, de xeito que o que comprende sexa maior que o comprendido, ou pol-o menos igual (aunque esto do igual comprenda ó igual, con dificultade semella que se poida facer coma veremos no tratado *de loco*; mais agora concedamos que se poida facer) mais entre nós e Dios non hai proporción ningunha, do mesmo xeito que nona hai entre o finito e o infinito, nin entre o corruptible e o eterno: e pol-o derradeiro en comperanza d'el nada mais somos que calquera outra cousa.

Por esta mesma razón, Dios coñece todas as cousas, porque é o melrande, o superior, o mais excelente de todos os seres, o millor, pra que non pareza facer comperanza coas creaturas, o maximun, o supremo, o omnipotente. As cousas qu'están mais perto d'el supremo artífice, por esta razón son descoñecidas pra nós.

Hai outro xénero de cousas enteiramente distintas d'estas, é o que son tan pequenas, que dificilmente poden ser comprendidas pol-a mente. E d'estas hai unha gran abundanza, o seu coñecemento é moi preciso pra ciencia, e case ningunha temos. A tales son os accidentes, que case non son nada; deica agora non houbo ningún que poidera espricar perfectamente a súa natureza, como tampouco a das demais

cousas. Si nada sabemos, cómo as imos espricar?; non é estrano logo qu'algús xusgaran qu'os accidentes nada son en si mesmos, senón sementes *aparencias* con relación a nós, as quales aparecen distintamente asegún a nosa diversa condición e disposición; así o que ten febre xuzga quentes todas as cousas e o que ten a lengoa aceda do fel, xuzga que son amargas.

Ainda queda outra causa da nosa iñorancia das cousas, a dureza perpetua de algunhas, a perpetua xeneración de outras a corrupción continua e a continua imitación. Así que non podes dar razón d'elas, porque ti non vivessempre; nin tampouco d'estas, porque non son endexamais intelramente as mesmas, e s'agora existen, d'ali a un pouco, non. D'eiquí qu'aínda estea en litixio a disputa da xeneración e concepción, da qual diremos n-outro lado o que pensamos.

Cántos modos hai de xeneración? Cántos de corrupción? Aquela pode ser de semente, de ovos, de podre, d'esterco, do orballo, do polvo, da lama, do aire, do mofo e d'outras moitas cousas. A corrupción pode ser da calor, do frío, da fractura, da disolución, da presión e d'outros modos culo número non é certo. Si é certo o que dicen da ave fénix das cinzas queimadas nasce un verme do qual provén outra fénix. Os vermes que nos fan a seda secan de todo, e despois de moito tempo nasceren d'uns graucifios, coma de sementes, outros. Din qu'o avestruz choca os ovos ollando pra eles fixamente; qu'o oso dá forma ó cachorro lambéndoo. Os figos, as noces, a madeira, trasfórmanse en vermes e petrificanse. As follas d'algús arbres qu'están perto d'un río d'Irlanda, si cón n-ell, múdanse en natureza de peixes. As follas d'outros moitos, caíndo na terra, producen bestas que voan. Os bugallos, o trigo, o folículo do amoleiro, a médula do *carduus fulgonum*, o queixo, a carne, o arbre de resina, trasfórmanse en vermes e bechos volátiles.

E, o que é mais d'admirar, no mar británico, si conta verdá Scaligero, unha ave está pendurada pol-o peteiro dos restos podres dos naufraxios, deica que soltada d'ali busca os peixes pra súa mantenza, á qual din que chaman os vascos habitantes do Océano, *Craban*, e os bretós *Bemachian*. E engade que lle levaron unha cuncha a Francisco, Rey de Francia dentro da que había unha ave case perfeita, que pol-as puntas das áas, pol-o peteiro e

pol-as patas estaba apegada ó borde da cuncha. Antr'os expicios no Calvo, os ovos chócense en fornos tépedos pol-a calor do lume, e n-outros lados tamén no esterco. Antr'os pelxes e antr'as aves non dudo que hai moitos modos de xeneración. E antr'equiles que carecen de vida: non poucos. Tamén hai moitos modos de destrución.

Antr'o nacemento e a morte, cántas mutaciós se fan? Innumerabres. Nos viventes, a nutrición é continua, o crecemento, a inmovilidade, a declinación, a xeneración, a variación das partes, a mudanza, a debilidade, o aumento, a perfección dos costumes, as acciós, os traballos diversos son frecuentemente contrarios, aínda no mesmo individuo; por fin, ningunha quietude hai.

Non é d'ademirar pois, si foi opinión d'alguís, que se non podía afirmar do home que fose o mesmo unha hora despois, que era enantes d'esa hora; opinión que non debe ser ausolutamente desbotada, senon que se cadra é verdadeira. Porque a identidade e a indivisibilidade é de tal natureza, que s'engades ou tiras un soilo punto a algunha cousa, xa non é inteiramente a mesma; os accidentes elislen por razón do individuo, e coma istes varían continuamente resulta d'eiquí o continuo variar dos individuos.

Eu sei, dís tí, que namentras a fouce permanece a mesma, o individuo é sempre o mesmo; pois é pol-a forma pol-o que se di *unum quid*; as minucias dos accidentes non cambaan a identidade. Dixeran xa que pr'a identidade en nada se ha mudar, pois d'outro xeito non sería ausolutamente o mesmo. Unha forma fai un ser. Cecais informe sempre a mesma, mais non o mesmo; pois n-iste, a mutación é continua, coma no meu corpo. Mais eu son composto de dúas cousas, principalmente de alma, mais non menos de corpo, variado un d'eles, tamén eu vario; mais esto tratarémolo noutro lado mais delida e oportunamente.

O mesmo de todol-os animais. Se consideras as súas partes, moito maior será a vida. Porqué son estas así? porqué non son aquelas? cecais non sería millor d'outro xeito? por qué tan grande? porqué tan pequeno? Nunca acabarás. Dos inanimados igual. Qué pode haber seguido de cousas tan mudabres? qué determinado de cousas tan varias? qué certo de cousas tan incertas? Nada en verdá. Por iso nacen d'elquí tocantes á introducción das formas e o principio das mesmas, tanta discrepancia que ninguén lle fará fin.

Continuaráse

ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

AS BRUXAS (1)

11. «Estaba certa persoa n-unha ventana, e pra falar mais craro, o mesmo Xan do Rego que vive e bebe, e todol-os qu'estamos eiquí o conocemos, pero vamos ó conto, cando estaba na ventana, viu pasar pol-as devesas do val unha ringleira de mulleres que levaban velas encendidas, non digamos velas, digamos a (non poidemos interpretar esta verba) foi e de atrevido silvoullé, pero foi listo, tiña un pau de loureiro bendito, bon, é dicir, ben groso, entón veu unha, foise defendendo como puido e dispois marchouse, pero dispois xa

sin acordarse do que pasara ca outra (verás, verás) volve xibrare (?) e cerrou as vidreiras pero ó mesmo tempo presentáronselle todas tan agudas coma rayos. Ó tempo xa non velleu pau bendito, tuvo que botarlle un Santo Cristo que alí tiña, foi e dixolle unha: *buen padriño has tido*, con esto quero dicir que as bruxas cando van a Sevilla falan o castellano (1). E conto acabado, mirarlle pr'o rabo».

(Comunicado por CAMILO LOPEZ,
alumno do Maxisterio)

(1) Todos istes casos son recollidos da tradición oral, e os números 11, 12, 19 e 20 van reproducidos literalmente, coas mesmas verbas coas que os comunicantes os ouviron e coa mesma grafía dos comunicantes, o que lle dá moito mais valor, pol-as particularidades de pensamento, expresión e léxico que d'iste xello conservan.

(1) Temos observado que mais des veces, no noso folk-lore, o Demo tamén fala castelán. Pode ser que sea por consideralo forasteiro, ou se cadra, por consideralo persoa de outra categoría.

12. «Cóntase que unha vez estaba en perigo de dar a luz certa muller, mais chegoulle os oídos da meiga, que se fai, úntase con aceite, sobe por a garamalleira arriba e vaíse á casa da outra, pero xa en forma de araña (1). Estuvo por elí hasta que naceu a criatura, pí-couna e morreu, maila parteira, ó ver que o picara foi e matouna tan tranquila, mais d'ali a media hora tocaba a difunto, xa morrera a fulana, claro, pisáralle no espírito; y-é bó, ché, o conto cademolla (?) aquela xa lle iba de matar así mais de seis rapaces. Craro, desque morreu ela viviron todos, e conto acabado, mirarlle pr'o rabo».

(Comunicado por id.)

13. En Maside contan que dúas mulleres, unha moza e outra vella tida había moito tempo por bruxa, eran amigas d'un home de Dacón, xa casado e rico.

A bruxa, nemiga da outra, era de Rañestres e a outra de Maside. Tendo que ir un día ésta dar un recado a Rañestres, colleu medo por si a vía a bruxa e lle facía algo.

Á ida nona viu, pero á volta, viuna no cruce d'un camiño e qu'acénaba co-a man e co pano cara ela, e faguía círculos no chao.

Pegou a correr cara Maside, e chegou d'ali a catro horas a Barbanles; preguntoulle unha amiga pra onde iba, e ela dixo que viña de Rañestres e iba pra Maside, mais que o camiño facíaselle moi longo.

Tomaron por tola e trouxérona pra Maside... posto que era un día de moito calor domes d'agosto y-estaba cansa de todo. Despois decíalle qu'a embruxaran, e déronlle iste remedio.

Poñer e levar ó pescozo por tres meses unha bolsa de tea, con dúas patas de unha topeira, rezando total-as noites un padrenuestro pol-o espírito da bruxa, pra se facer amiga de ela e qu'a desembruxara.

(Comunicado por TOMÁS CID,
alumno do Maxisterio)

14. En Vilela, perto de San Ciprián das Láas, onde s'atopa a citanía esporrada pol-o noso compañeiro Sr. Cuevillas, refíren:

Que un home ouviu ás bruxas que dicían:

(1) Os nosos lectores lembrarán outros casos eiqñt publicados, nos que a bruxa pra facer mal vai en figura de mosca raxada.

— «Por encima de zarzas y zarzales (1) a la *conchega* (bodega) de Fulano».

El fixo igual que lles vira facer a elas, mais trabucouse e dixo: «Por entro zarzas y zarzales», e chegou todo esgarado e rabuñado das silveiras. E chegou, e viunas beber viño, e despois sollaron o viño das cubas e marcharon, mais il alí quedon sin poder falar nin moverse do sitio, ata que chegou o dono e nono podía mover. Entón chamaron ó abade, o qual pra que se movera e marchara, tivo que desconxuralo.

15. Eu Ourantes, perto de Vilela, no mesmo sitio, había un home que tiña nai e fillas, e elas de noite xuntáronse n-un cacho, e rubiron, namentras il facía que durmía, e despois, il despertou e fixo igual que elas e chegou á casa onde estaban moitas bruxas co demo. Ó velo chegar alegráronse moito, e ó demo díxolle que puxera unha O n-unha lista que lle deu, e il en lugar puxo, unha cruz, e n-esto desapareceron total-as bruxas e o demo, berrando, mais o home non puido saír (2), e a pouco chegou o dono da casa e ó perguntarlle que facía alí, foi o modo de il contar todo.

16. En Bustofrío (a comunicación non di onde é iste lugar) as bruxas e o demo xuntáronse o día 23 do mes de San Xoán. Unha vez tres homes soteiros quixeron velas, e un colleu unha pistola e outro un manípulo na capela, e foron, e chegaron á fonte, e alí estaban total-as mozas da parroquia beilando en malas formas, e caían á auga e lavábanse na auga da fonte, e un dos tres viu unha que lle gustaba, e pasou á fonte, e os outros quedáronse fora. E o que pasou dixo:

— Eu tamén teño dereito á vida.

Mais a repaza que lle gustaba díxolle que se fose que lle pesaría. El sacou a pistola e chegoouse a ela e ela díxolle qu'o quería si lle daba palabra de porse coma ela estaba de bruxa, e il dixo que non, e ela botouno ó pilón

(1) Véxase a nota. Esta fórmula emprégana as bruxas pra se guiar no camiño cando van voando. N-outros lados dícese: «Por arriba das silveiras e por baixo das carballeiras»; en Portugal: «Por debaixo dos olivares e por riba das sirvadeas»; n-Asturias: «Por arriba de arces y por bajo de carbayos». Alas son as principais variantes da fórmula na zona etnográfica.

(2) En Portugal hai un conto imitente, onde o home dixo: Xesús, e as bruxas díxéronlle:

Faleste no Tivulu

Fica pra ahí home nu.

E quedou ispidio e sen roupa.

da fonte, anque non había mais que medea cuarta d'auga il non se movía, e o da escopeta (?) tirou tiros, pero non seían, mais o do manipulo principiu a latigazos e fuxiron as bruxas.

E cando os tres mozos volveron pr'a casa, elas tirábanlles pedras. Iles coñeceron a todas as que estaban, mais elas dixéronlles que si as descubrían que se porían secos, e así foi, que un d'eles descubriu a dúas ou tres e foise pon-do enfermo.

17. En Amoeiro unha bruxa pediulle a unha muller un pouco leite emprestado; ela llo non deu, e a bruxa, en castigo, trocoulle o leite en sangue. A muller puxo en práctica o remé-leo de pôr a fritir o leite trocado en sangue, e entón a bruxa pediulle perdón, e aínda así, estivo quince días cos dentes apretados que nonos podía despegar. E grazas, que si deixan a fixola no lume deica quedara sin leite, a bruxa morría.

18. En Goyán (Pantón) iba un home co carro, e unha muller qu'il coñecía púxoselle diante dos bois, e os bois non andaban. Entón o home pegoulle de paus e fíxoas marchar, e os bois seguiron andando.

18. Era un arrieiro que viña con viño da ribeira e fíxoselle noite no camiño, e fívo que pedir pousada n-unha casa onde había dúas mulleres y-un home. Descargou o macho n-unha esquina do curral y-asi que arreglou todo foron pr'a coziña que era terrena e tiña unha gran chiminea. Dendes que cearon y-o arrieiro con lles un gran pote de papas, o amo estirouse no escano a dormir y-o arrieiro tamén acostou pra alí na parragueira faguendo que dormía. Elas desde que lavaron as cuncas e retiraron a mesa dixerón unha a outra: o pai dorme y-o arrieiro tamén. Entón foron e chupáronlle o sangue o pai, primeiro unha e despois a outra. Desde que lle chuparon o sangue uníáronse nun cacho que tiñan escondido nun burato e saíron pol-a chiminea. O arrieiro que estivo vendo todo isto dixo: Condanadas, esta noite ídesme traer polas carballeiras pero tamén el saber onde chegades. E foi e untouse il tamén no cacho y-o macho y-a albarda y-a ajillada que traía e púxose acabalo do macho y-el saíu pola chaminela pero o macho y-a al-

barda non puderon saír y-había cada couce dentro que se caía o mundo. E despois foi a Sevilla on campo donde andaban elas beilando arredor do demo que estaba en feitura de carneiro e cada volta que daban beixaban o carneiro no cú; entón il fagía o mesmo pero se había de beixar picaba coa ajillada, entón o carneiro decíalle: ise que pase e non beixe que ten a barba moi dura (1); pero il non fixo caso, volveron pasar e beixar elas y-el picaba, entón díxolle o mesmo: ise que pase e non beixe; que ten a barba moi dura, hasta que o carneiro desapareceu y-elas tiveron que traer o home as costas porque lle deran pousada.

(Comunicado por ALFONSO TRIGO,
alumno do Maxisterio)

20. Ai, caso pasounos a nós, a min yo Delfín unha noite que fomos cortegar a Noce-do, estuvemos alá hasta cerca das dúas da mañá; cando fomos íbamos con idea de ir pronde unhas e despois fomos prondautras. Cando saímos do pueblo díxenlle eu o Delfín: as que habíamos de ir pronde elas e non fomos non sei si nos saíran o camiño. E meu dito meu feito, inda non pasáramos as poldras e xa sintimos zoar polas restreves e fomos a pasar e fomos de pés o río, saímos do río todos mollados e viñemos subindo chouquellando coa yauga nos chancos hasta os muíños das escaleiras y-ali volvimos sentir zoar así coma se foran campanillas e díxenlle o Delfín: ei están as indibidas outra vez voulle silvar; home non lle silves e se lle silvas retirete donda min; meteu os dedos na boca pra lle silvar e xa balaban diante de il yo tirar os dedos da boca volveron desaparecer e todos aqueles montes se encenderon de fachuços que se vía coma si fora de día; pras retirar tivemos que faguer un circo e meter unha peseta debaixo dos pés e botar a fralda fora (2); entón desandaron caros penedos de Pena Lapa e foi o que nos valeu senón aquela noite non chegamos a casa. Isto fai trinta anos que pasou.

(Comunicado por id.)

(1) Iste caso atópase no conto de Lamas Carvaxal *O Zapateiro de Cangas*, en *Galligada*, que pincha o demo coa sube-la, e o demo pergúnta: Quén bicou? E responden as bruxas: o zapateiro de Cangas. E o demo di: Qué non volva bicar, que lle pican as barbas.

(2) Botar fora a fralda da camisa é precaución que se aconsella moito pra se libraren das bruxas.

OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

O BENDITO SAN AMARO,
por CABANILLAS E CASTELAO,
Editorial - Lar - Mondariz
Balneario, 1926.

ESTA nova e fermosa *plquette*, do tipo das *Cousas, Os Nenos e Na noite estrelecida* contén dez estampas de gusto popular do Castelao con diferentes pasos da vida miragreira de San Amaro d'Arense, ilustrando outras tantas estrofas do mesmo sinxelo estilo do Cabanillas. Arte inxenua pra plegos de cordel, pra vender nas feiras, e nas romaxes, volvéndolle o pobo con carifento agarimo o que do pobo é. Pasma com'isles homes se chegan a identificar co sentimento tradicional da xente nosa, e coma niste duplo poema, cecais dos mais puros eixemplos de poesía pura se xuntan e misturan dúas piedades: unha inxel piedade relixiosa, xa un pouco perdida por disgracia antr'os devotos do noso tempo, e a piedade pol-o senso enxebre e natural da vida, única paganía dina d'ausolución, com'a qu'os penitentes lle daban os silvanos.

Os deseños do Castelao, cada día mais varío e mais creador, son com'esas estampas velhas, nas que tantas vegadas están resoltos moitos difíciles problemas da arte moderna, no senso, principalmente da construción, o qual é visíbel moi especialmente no terceiro e no sétimo.

Os versos do Cabanillas, adentro da súa natural imitanza c-algú das sagas e dos romances do mesmo autor, teñen eiquí un alre precurado de cántiga de cego e de gozos de novena, sen que por elo o Poeta baixara o escadoiro do seu trono.

V. R.

NO DESTERRO, por RAMÓN
CABANILLAS. Biblioteca lírica
Lar, A Cruña.

O primeiro libro do Cabanillas aparece n-esta nova edición ben anovado. O Cabanillas podou n-il moito, e engadeulle ademais os versos da súa etapa de Madri, versos case recentes, anque anteriores a dúas das sagas, os romances, e os versos mais novos espallados por revistas e xornais, n-ise pródigo espallamento da obra cabanilliana, que non por eso resulta perxudicada, en boa hora vaia dito.

Eiquí puxo os de Madri, que fan unha selección do libro, e que son dos qu'amostran no Cabanillas o poeta civil, coma lle chamaron algú catalás. Pertencen de dereito á nosa lírica revolucionaria, pol-o sentimento de revolta de qu'esián ategados, lembrando o seu comentado apóstrofe d'un dos poemas de *Da terra asoballada*, do qu'en certo modo parecen es-

pricadeira e desenvolvemento. N-eles trasparece a xenreira do poeta racial a canto sea mintira e inxustiza. Mais non todos son d'iles; hai outros nos que somentes latexa a saudade, e n-outros o sentimento lírico esperta diante d'un *vello franciscano* ou no *Museio*. E eiquí compre laguer notar o feito curioso de que o Cabanillas, igual qu'o Castelao, as dúas figuras nosas mais representativas, dous homes d'esta terra do barroco opulento, ollen a Rubens con antipatía. Caso dino d'estudo.

V. R.

ROMANCE COMPOSTELÁN,
por AVELINO GÓMEZ LEDO,
Madri, 1926.

QUE pouco soaba Compostela na nosa literatura do século XIX, e con que insistente repetición soa agora, é tamén un feito dino de nota, en col do qual paréceme que xa temos chamado a atención. Dixérase qu'os galegos de hoxe, com'o viaxeiro de Chesterton, acababan de facer a descuberta de Compostela, e aínda están co asombramento que lles causou. Pra cada xeneración teñen as cousas aspectos novos, e crar'está non ha ser a d'agora a derradeira descuberta da nosa cibdá Santa por parte dos galegos, posto que ela garda aínda misteiros e segredos pra encher as xeneracións que veñan atrás de pasmo e maravilla. Recoilamos agora o feito, e ollemos tamén como Santiago colle nova vida e esperta á vida do espírito anovada tamén, voltando despois de moitos séculos o seu rol de capital de Galiza.

Compostela ispirou iste libro d'Avelino Gómez Ledo, com'alinda ha ispirar outros moitos. O que de primeiras s'alopa n-iste feixe de vinteín poemas, pra chamar a atención, é o que non sean de feitura clásica, com'era d'esperar na obra d'un crego, que pol-o feito especial da súa cultura, sempre se van car'os ritmos e as formas do século d'ouro castelán. Eiquí non; o autor prefere o romance oitosilabo, e emprega tamén o alexandrino, e aínda outros; e esto por si xa indica moito.

A influencia do Cabanillas especialmente dos seus romances e sagas, nótese ben no *Cabaiteiro d'Asís* e na *Lenda de Calromano*, primeira aparición d'esta figura histórica, moito mais importante do que se pensa, na nosa poesía moderna.

E pol-o derradeiro, aínda tivo Gómez Ledo a valentía de parafrasear en romance o *Salve Regina*, obra galega demasiado esquecida pol-os galegos.

V. R.

Dr. MOSTEIRO

Médico
Odontólogo

Medicina e Cirugia da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA
DROGUERIA E FARMACIA
Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM
De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todol-os establecimentos do ramo
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. Calviño
OURENSE



A mais económica de Galicia

AXIÑA
APARECERÁ

HOSTIA

POR
ARMANDO COTARELO

SANATORIO QUIRURJICO

Direitores:

Manuel Peña Rey
Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco
Cirugía geral
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado fronte á Alameda do Circulo, ten todas as condicións precisas.—Practícase toda clase d'operacións.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltagem de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Anxietes, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'alitude e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecias, eczemas, etcétera.
Admítese embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cidade en casos d'urxencia.—Poden colaborar en todol-os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macía e Valeiras, Apartado 18--Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de
M O N D A R I Z



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño
O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Octubre

1000
NON DEIXE DE MERCAR

**COVINAS
POIZ
CASTELAO**

**2.º volume da Biblioteca
do Seminario de estudos
Galegos**

EDICION LAR

PREZO catro PESETAS

.....
F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

OURENSE

Teléfono 28